



Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
sede.ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

**CONCELLO DE PONTECESO**  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 19-12-2022**

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 10:35 horas do día 19 de decembro de 2022, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

### **ASISTENTES:**

#### **SR. ALCALDE-PRESIDENTE**

D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO

#### **SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES.-**

D<sup>a</sup>. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ

D<sup>a</sup> MARÍA TERESA CHOUCIÑO CALVETE

**SECRETARIA EN RÉXIME DE ACUMULACIÓN DE FUNCIONS:** D<sup>a</sup>. MARÍA CRISTINA VARELA GARCÍA

**INTERVENTORA:** D<sup>a</sup>. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente exixido polo artigo 113.1.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

### **1.- Lectura e aprobación, se procede, do borrador das actas das sesións anteriores. Acta da sesión extraordinaria celebrada o 23-11-2022**

Pola presidencia pregúntase aos asistentes se hai algunha observación.

Ao non formularse ningunha, enténdese aprobada por unanimidade.

### **2.- Contratacións**

#### **2.1. Devolución de garantías provisionais correspondentes ao expediente de contratación do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Ponteceso. Expediente 2021/C004/000001.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 16-12-2022, que se transcribe literalmente:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS PROVISIONAIS CORRESPONDENTES AO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE PONTECESO (EXPEDIENTE 2021/C004/000001)**

Por resolución da alcaldía número 789/2021, do 1 de decembro aprobouse o expediente de contratación denominado <<Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Ponteceso>>, número 2021/C004/000001, cun valor estimado de 471.473,53 € e orzamento base de licitación de 490.332,47 € así como aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións han de rexer a contratación mediante procedemento aberto do presente contrato de servizos.

Ao abeiro da cláusula 8.1. de PCA esixiuse unha garantía provisional do 2% do orzamento de licitación, excluído o IVE, de conformidade co establecido no art. 106 da LCSP.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 01-08-2022 acordou adxudicar o contrato denominado: SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR (SAF). EXPEDIENTE 2021/C004/000001 á empresa que alcanzou a maior puntuación nos criterios de adxudicación, que se corresponde coa oferta presentada por SENES CIT, SL.

O artigo 106.4 da LCSP dispón que *“la garantía provisional se extinguirá automáticamente y será devuelta a los licitadores inmediatamente después de la perfección del contrato. En todo caso, la garantía provisional se devolverá al licitador seleccionado como adjudicatario cuando haya constituido la garantía definitiva, pudiendo aplicar el importe de la garantía provisional a la definitiva o proceder a una nueva constitución de esta última”*.

Establece o artigo 36.1 do mesmo texto legal que *“los contratos que celebren los poderes adjudicadores, a excepción de los contratos menores y de los contratos basados en un acuerdo marco y los contratos específicos en el marco de un sistema dinámico de adquisición a los que se refiere el apartado 3 de este artículo, se perfeccionan con su formalización”*. O documento de formalización do contrato obxecto do expediente 2021/C004/000001 asinouse o 2 de setembro de 2022.

O 02-12-2022 (núm. rexistro de entrada 202299900002206) SON A TUA AXUDA,S.L. presenta solicitude de devolución de garantía provisional correspondente ao expediente 2021/C004/000001

O 05-12-2022 (núm. rexistro de entrada 202299900002214) SENES CIT, SL. presenta solicitude de devolución de garantía provisional correspondente ao expediente 2021/C004/000001

A interventora emitiu informes favorables ás devolucións solicitadas o 14-12-2022.

Polo anterior, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Ordenar que se devolva a garantía provisional constituída por SON A TUA AXUDA,S.L. para participar no procedemento de contratación denominado <<Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Ponteceso>>, número 2021/C004/000001.

SEGUNDO.- Ordenar que se devolva a garantía provisional constituída pola empresa SENES CIT, SL. para participar no procedemento de contratación denominado <<Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Ponteceso>>, número 2021/C004/000001 ao resultar adxudicataria do mesmo e xa que procedeu á constituición da garantía definitiva sen aplicar o importe daquela a esta última.

TERCEIRO.- Comunicar o presente acordo ao Departamento de Tesourería para os efectos oportunos.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde.

Xosé Lois García Carballido”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

### **3.- Subvencións**

#### **3.1. Solicitud de subvención para financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios municipais durante o ano 2023. Expediente: 2022/A003/000038.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 17-12-2022, que se transcribe literalmente:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto: Convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios municipais durante o ano 2023 (FOPPSS/2023). Expediente:2022/A008/000038**

#### **ANTECEDENTES**

1º. No Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña núm. 225, do 28 de novembro de 2022, saíron publicadas as Bases Reguladoras do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios municipais durante o ano 2023 (FOPPSS/2023). A convocatoria publicouse no BOP núm. 232 o 9 de decembro de 2022.

2º. Visto o expediente tramitado ao efecto de solicitude desta subvención 2022/A008/000038 polo departamento de servizos sociais municipal e o cadro de orzamento e financiamento previstos:

A) Módulos I, II e III (persoal): solicítanse 44.000,00 euros  
B) Módulo IV (SAF libre concorrencia): solicítanse 25.668,00 euros  
Total solicitado: 69.668,00 euros

3º. Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; na Lei 38/2033, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e normativa concordante.

4º. Considerando a atribución concedida ó Alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e a Resolución de Alcaldía 374/2019 e 283/2020 de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Polo anterior, propóñolle A Xunta de Goberno Local:

**PRIMEIRO.-** Aceptar as bases da convocatoria do Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2023, así como os compromisos e obrigas que nela se inclúen.

**SEGUNDO.-** Adherirse ao Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2023 de acordo coas bases do Programa e co detalle que se recolle no cadro de orzamento e financiamento previstos achegado xunto coa solicitude.

**TERCEIRO.-** Facultar ao Alcalde, Xosé Lois García Carballido , para as actuacións precisas para a execución do presente acordo.

**CUARTO.-** Remitir en prazo á Deputación da Coruña a certificación do presente acordo xunto co resto da documentación esixida nas bases da convocatoria.

Documento asinado electronicamente á marxe

O alcalde

Xosé Lois García Carballido”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 10:45 horas do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, do que como secretaria dou fe, asinádoa xunto co alcalde.

O alcalde

A secretaria de Xermade en réxime de acumulación de funcións  
no Concello de Ponteceso

Xosé Lois García Carballido

M.<sup>a</sup> Cristina Varela García

Documento asinado electrónicamente á marxe.